

Feira histórica ARTEIXO XXI 1900 2022



DE VOLTA Á INFANCIA

14 · 15 · 16 de OUTUBRO

Organiza: **Arteixo / Cultura** Colabora: **Deputación DA CORUÑA**, **arteixo**, **Estrella Galicia**, **CABREIROÁ**

Feira histórica ARTEIXO XXI 1900

DE VOLTA Á INFANCIA



Outras colaboracións:

Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación · Concellaría de Maiores e Actividades Sociais · Servizos de Seguridade Cidadá · AC Faíscas · AC Palilleiras e Punto de Arteixo · AC Triskell · AC Tropicalia · Agrupación musical Emilia Pardo Bazán · ASC Mariana de Arteixo · Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo · AVRC Fontesvellas de Lañas · AVV Pedra da Salsa de Barrañán · AVV Ría de Rañobre · AVV San Esteban de Larín · AVV Sto. Tomás de Monteagudo · AX Xiradela · Banda de Música Santiago de Arteixo · Club Xadrez Arteixo · IA ORA Tahiti Galicia · O grilo de Pastoriza · Julio Mancebo · Xabier Maceiras

Nota Aclaratoria /

Esta programación poderá sufrir modificacións. No caso de choiva, algunhas das actividades trasladaranse ao Auditorio do CCC de Arteixo.



Punto violeta

Por unha feira libre de violencia sexista, o **sábado 15 de outubro de 22:30 h - 02:30 h**

+ INFO SM de Cultura / Centro Cívico Cultural de Arteixo, Paseo fluvial s/n 981 · 65 · 91 · 00 / cultura@arteixo.org / www.arteixo.org



"Ai, o meu meniño pequeno. Ai, heino de mandar á escola. Ai, heille de comprar un "tromo", ai, e mais unhas castañas."

Arrollos de berce como este precedían o descanso tan merecido para aquelas longas xornadas de traballo que tiñan que soportar as/os cativas/os que nos precederon. Eran tempos duros nos que moitas familias ansiaban poder darlles un futuro mellor ás súas crianzas xa ben fose en forma de premio cun xoguetes ou da promesa de ir a escola, un privilexio ao alcance de poucos fogares. Galicia afrontou entre os séculos XIX e XX un proceso de cambio económico no que a mobilidade poboacional constituíu o motor da alfabetización nunha sociedade predominantemente rural e de hábitat disperso. O desequilibrio nas taxas de escolarización prexudicaba especialmente ás nenas que tiñan menos oportunidade de acceso á escola. O ciclo escolar era estacional e irregular, determinado polos ciclos económicos agrícola e pesqueiro, e o rendemento escolar era moi baixo.

No noso concello houbo un gran número de escolas unitarias como a **Unitaria de Niños** da Baiuca, rexentada por **Cándido Trasende Vicente**, a de **parvulario** de **Marisé** situada na que hoxe é a rúa peonil; a **Unitaria de O Pedregal** e a escola privada rexentada por **Julita Mosquera**. Por suposto tamén houbo unitarias noutros lugares destacando a escola mixta da Lagoa, que, construída en 1919, seguiu en funcionamento ata o ano 2021 e a de **Larín** que durante 15 anos contou coa ilustre profesora e escritora **Dora Vázquez**. As xornadas eran interminables para as/os pequenas/os da casa que tiñan que compatibilizar as clases na escola (as/os con máis fortuna) co arduo traballo na casa. **Pero sempre se buscaba tempo para brincar!**

Julio Mancebo, mestre xubilado, recorda que Arteixo, coa chegada do verán, cambiaba notable-

mente pois "...viñan moitos rapaces e aumentaban as posibilidades de diversión, porque tiñan xoguetes que nós non tiñamos: patíns, bicicletas, balóns de coiro, raquetas de tenis... Case todos aprendemos a montar en bici a conta dos veraneantes, e tamén a patinar na pista do Balneario. Tamén recordo que no baixo do almacén de Manolito de Ayán que daba a corredoira de detrás da Fonte había un taller de bicicletas onde podías alugar por media hora ou máis, pero non había cartos para facelo. Por certo, o dono do taller chamábase Anselmo. O pobre non fixo moito negocio". Julio Mancebo tamén lembraba que ... "os domingos tamén alugaban patíns no Balneario e por poucos cartos podías levar unhas cantas cuadas mentres tratabas de aprender a gardar o equilibrio. Os rapaces que viñan todos os anos eran, entre outros, Fernando e Carlos Arrojo, que tiñan vivenda na Baiuca; Waldo e Miki que alugaban a casa que estaba ao lado do Gallo de Oro; e os que paraban no hotel do Balneario: Juan José Baquero e a súa irmá Pili; Antonio, Argimiro, Luciano e Maricarmen Vázquez Guillén que xogaba con nós ao fútbol e lle chamabamos Kubala, Fernando "Lerenco", Escribano ou Ana Del Río, que era filla dos administradores do Balneario por aquel entón. Tamén viña sempre Juanechas que estaba na casa da súa avoa doña Brígida".

Nesta edición queremos rememorar as escolas de Arteixo, os xogos e divertimentos da época, as cancións, os xoguetes, os espazos lúdicos segundo a clase social e os traballos e tarefas que se lles destinaba á rapazada.

Cóllete da man, deixa saír a/o nena/o que levas dentro e ven brincar connosco!

Benvido a Arteixo 1900!



Fonte / Crónicas de Arteixo de Xabier Maceiras
Fotografía / Ana del Río cedida por Ana Badía (filia)

VENRES · 14

- 17:00 h Comparsa infantil e obradoiro de xogos 1900 / *Paseo fluvial e Cúpula do Parque Central*
- 17:30 h "Vente conmigo bailar o salón" obradoiro de baile infantil e manualidades da AC TROPICALIA / *Anfiteatro*
- 18:30 h "De festa en festa" espectáculo de titeres de OS MONIFATES / *Avenida do Balneario*
- 19:15 h "A Voar" espectáculo musical con CÉ, ORQUESTRA PANTASMA / *Anfiteatro*
- 20:30 h "Galician Horror Story", teatro cómico de improvisación sobre os profundos misterios de Galicia de IZQUIERDO SISTERS / *Auditorio do CCC de Arteixo*
- 22:00 h Concerto de hot jazz, dixieland e blues con STOMP SEVEN JASS BAND no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*
- 23:30 h Concerto de soul, funk e pop con CLARENCE BEKKER BAND no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*

SÁBADO · 15

mañá

- 10:00 h Dianas da AC TRISKELL / *Rúas de Arteixo*
- 11:00 h Apertura dos Mercados 1900 / *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- Todo o día X Encontro da AC PALILLEIRAS E PUNTO / *Paseo fluvial*
"Xogos tradicionais" / *Avenida do Balneario e Campo da Igrexa*
Obradoiro de Camisetas "Cousas de Nenos" / *O Salón*
- 12:00 h Campionato de brisca e tute das AAVV / *Praza do Balneario*
Paseo inaugural das autoridades e a súa comitiva polo recinto feiral con acompañamento da AGRUPACIÓN MUSICAL EMILIA PARDO BAZÁN
- 12:30 h "Os Tuaro Ma'ohi 1900 de Arteixo", carreira de obstáculos de IA ORA TAHITI GALICIA / *A carón da Praza da Igrexa*
- 13:00 h "A escola da Baiuca" recreación dunha aula 1900 do GRUPO DE MAIORES DA BAIUCA / *Anfiteatro*
"Arteixogo en familia" / *Cúpula do Parque Central*
Obradoiro de swing de AC TROPICALIA / *Praza do Balneario*

- 14:00 h "Cantos de Taberna" da AC TRISKELL / *Taberna Picadillo*
Sesión vermú con GHASTAS PISTA SWING BAND no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*
Exhibición de swing da AC TROPICALIA / *Praza do Balneario*
 - 15:00 h Xantar Campestre / *Praza do Balneario e Paseo fluvial*
- tarde
- 16:30 h "Os Tuaro Ma'ohi 1900 de Arteixo", carreira de obstáculos de IA ORA TAHITI GALICIA / *A carón da praça da Igrexa*
 - 17:00 h "Cantaxoga" espectáculo músico-teatral infantil de MIGALLAS TEATRO / *Anfiteatro*
 - 18:30 h "A tropa do doutor Milagre" espectáculo teatral de rúa de INVENTI TEATRO / *Anfiteatro*
 - 19:30 h "Diferentes Diferenzas" Contos e Música con SILVIA PENIDE / *Anfiteatro*
Concerto infantil "Entrenxns soa mellor" de ENTRESONS / *Avenida do Balneario*
- noite

- 22:00 h Cea Baile 1900 coa actuación de ERIK HIDALGO Y 4 EN LÍNEA / *Pazo dos Deportes*
- 22:30 h Concerto soul de CARLA GREEN & THE DEMONS no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*
- 00:30 h Concerto afrobeat de MACHETA SUPAH SOUND no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*
- 01:30 h DJ PANKO "sesión musical 1900" no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*

DOMINGO · 16

mañá

- 11:00 h Apertura dos Mercados 1900 / *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- Todo o día "Xogos tradicionais" / *Avenida do Balneario*
Obradoiro infantil de zocos "Polos Pés" / *O Salón*
- 12:00 h Animación de rúa "O estraño caso do dentista da rúa Brasov" de TROULA ANIMACIÓN / *Avenida do Balneario*

- 12:30 h Obradoiro de *xogos tradicionais* de baile e actuación da AX XIRADELA / *Cúpula do Parque Central*
GRAN XINCANA INFANTIL / *Anfiteatro*
 - 14:00 h Sesión vermú con música pop-rock de LE SUITE no Escenario Estrella Galicia / *Praza do Balneario*
 - 15:00 h Xantar popular / *Praza do Balneario e Taberna de Picadillo*
- tarde
- 16:30 h Torneo de Xadrez / *Praza do Balneario*
 - 17:00 h "Welcome" espectáculo aéreo de DUELIRIUM / *Anfiteatro*
 - 18:00 h "Ghop!" espectáculo circense de TEATRO AO CUBO / *Cúpula do Parque Central*
 - 18:30 h "Á saída ao recreo nunha escola 1900" da AC FAÍSCAS E O GRILLO DE PASTORIZA / *Avenida do Balneario*
 - 19:00 h "Animacreques" pasacalles de títere humana / *Paseo Fluvial*
Baile de acordeón con acompañamento vocal da AC MARIANA / *Praza da Igrexa*
 - 19:30 h Concerto da Banda de Música Santiago de Arteixo / *Praza do Balneario*

SUXESTIÓNS



Exposición

Fotografías e obxectos antigos
Inauguración: 7 de outubro
Visitas do 10 ao 16 de outubro no CCC de Arteixo en horario de mañá e tarde (excepto festivos)



Mercado da Colleita

Campo da igrexa



Servizo de aluguer de traxes

do 10 ao 16 de outubro / Sala dos Espellos do Centro Cívico Cultural de Arteixo
de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00 h (agás festivo).
Devolución de roupa o luns 17 de outubro de 09:00-15:00 e de 16:00 a 20:00 h



Entradas Cea 1900

do 10 ao 15 de outubro na Billeiteira do CCC de Arteixo de 10:30-14:00 e de 17:00-20:30 h. (agás festivo). Sábado 16 de 10:30-14:00 e de 17:00-21:00 h.
Para maiores de 12 anos

